

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE OS TILOS
CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA - INGLÉS
DATA: 8/5/2020

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS	
Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade así como preguntas e información persoal básica e instrucións elementais.	Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción breves e sinxelos, previamente traballados, así como preguntas básicas sobre temas familiares (nome, gustos...) e peticións relativas á vida escolar.
BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	
Falar de si mesmo/a e de persoas, obxectos e lugares cercanos, así como expresar gustos e intereses con frases sinxelas.	Fai presentacións breves previamente preparadas sobre temas próximos (nome, idade, presentar a familia, indicar preferencias...) .
Participa activamente en conversas con intercambio directo de información sobre temas moi familiares.	Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas.
BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
Identificar o tema e comprender o sentido xeral e ideas principais en textos breves e sinxelos relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado que contén con apoio visual.	Comprende palabras, frases simples e a idea principal en textos sinxelos relacionados con temas previamente traballados de forma oral.
Ler en voz alta textos moi breves previamente traballados oralmente.	Le en voz alta textos sinxelos previamente traballados oralmente.
BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases illadas, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	Escribe palabras, frases moi sinxelas e pequenos diálogos ou narracións relacionados consigo mesmo/a e coa vida cotiá, seguindo un modelo dado e respetando a coherencia e estrutura gramaticais.
Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ó falar.	Revisa o texto observando e reparando a ortografía e outros aspectos relacionados coa secuencia axeitada de palabras e frases.
BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL	
Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades comunicativas individuais ou colectivas.	Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.
Recoñecer e utilizar léxico propio do nivel relativo a situacións cotiás e temas habituais en contextos comunicativos sinxelos.	Comprende e usa axeitadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interacción de aula, ler textos infantís moi breves e sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.
Utilizar axeitadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes en funcións comunicativas propias do seu nivel.	Estructura axeitadamente os elementos de frases e oracións.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Avaliación continua e global.</p> <p>Analizaranse progresos e aprendizaxes tomando como referencia os obxectivos e as competencias clave.</p> <p>A avaliación da fase non presencial terá como única finalidade favorecer ó alumnado.</p>
Cualificación final	<p>Teranse en conta principalmente os dous primeiros trimestres.</p> <p>As actividades do último trimestre poderán ser avaliados pero só de xeito diagnóstico e sempre con valor positivo en beneficio do alumnado.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	
Actividades	<p>Tarefas globalizadoras de recuperación, repaso e reforzo cunha mínima intervención docente para afondar nas aprendizaxes traballadas durante os dous primeiros trimestres.</p>
Metodoloxía	<p>Uso de recursos tecnolóxicos para obter o maior proveito da metodoloxía non presencial e manter rutinas e hábitos de estudo.</p> <p>Flexibilización do plan de traballo coidando de non penalizar o benestar do alumnado nin sobrecargalo de tarefas.</p> <p>O obxectivo prioritario é non perder o curso, avanzar na formación.</p>
Materiais e recursos	<p>Fichas de traballo individual descargables así como recursos online (vídeos, páxinas web...) accesibles dende a aula virtual do centro.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Contacto por correo electrónico e aula virtual do centro.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>